

ORDENANZA FISCAL Número . 31
REGULADORA DA TAXA POR ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA NAS VÍAS PÚBLICAS E DE REGULACIÓN E CONTROL DO ESTACIONAMENTO

Artigo 1º.- Fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 20 e seguintes do citado texto refundido.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local que se produce cando estacionan vehículos de tracción mecánica nas rúas e zonas que integran a Zona de estacionamento regulado, determinadas polo artigo 3º da Ordenanza municipal reguladora do servizo de estacionamento regulado na vía pública do municipio de Oleiros.

Para os efectos de esixibilidade desta Taxa, entenderase por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cuxa duración exceda de dous minutos, sempre que non estea motivada por imperativos da circulación.

Non está suxeito á taxa o estacionamento dos seguintes vehículos:

- a) Os vehículos que se encontren incluídos no padrón municipal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e a cuxo/a propietario/a lle fose concedida a autorización pertinente.
- b) As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas, que deberán facelo, nas zonas dispostas para eles.
- c) Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.
- d) Os vehículos nos que se estean a realizar operacións de carga e descarga, na zona sinalada a tal fin e dentro do horario marcado.
- e) Os vehículos en servizo oficial, debidamente identificados, propiedade de organismos do Estado, comunidade autónoma, provincia ou municipio, que estean destinados directa e exclusivamente á prestación dos servizos públicos da súa competencia, cando estean a realizar tales servizos, así como os de compañías



prestadoras de servizos públicos necesarios, polo tempo indispensable para realizar o seu labor.

f) Os vehículos destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Seguridade Social ou á Cruz Vermella Española e as ambulancias, mentres estean a prestar servizo.

g) Os vehículos propiedade de persoas discapacitadas, cando estean en posesión da correspondente autorización especial que expide a Administración Municipal.

h) Os autotaxis, cando o/a condutor/a estea presente, en prestación de servizos de aluguer.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa, a título de contribuínte, as persoas condutoras dos vehículos estacionados nas vías públicas, nas zonas para o efecto reservadas.

Responderán solidariamente do pago da taxa, a persoa propietaria do vehículo estacionado, entendendo por tal, quen figure como titular deste no permiso de circulación do vehículo.

Artigo 4º.- Beneficios fiscais.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos tratados ou convenios internacionais.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

As tarifas da taxa serán as seguintes:

1 hora	0,50 €
2 horas	1,00 €
3 horas.....	2,00 €
4 horas.....	3,00 €
1 día (máximo)	5,00 €.

Tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por exceder o tempo de estacionamento aboado, antes de transcorrido o prazo dunha hora: 3,00 €.

Tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por non ter ticket e anular dentro do mesmo día: 8,00 €.

Artigo 6º.- Período impositivo e devindicación.

A taxa devíndase no momento en que se efectúe o estacionamento nas zonas determinadas pola Ordenanza municipal reguladora do servizo de estacionamento regulado na vía pública do Concello de Oleiros.



O período impositivo comprenderá desde que se efectúe o estacionamento ata a retirada do vehículo.

Artigo 7º.- Réxime de declaración e ingreso.

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

2.- A taxa deberase pagar no momento de inicio do devandito estacionamento. O pagamento efectuarase nas máquinas expendedoras de billetes acreditativos do pagamento realizado, instaladas nas vías públicas, debendo figurar, durante o tempo de estacionamento o devandito billete na parte interior do parabrisas, de forma totalmente visible desde o exterior.

3.- As tarxetas ou tickets pospagables por detención do proceso sancionador serven de xustificante durante a hora seguinte á finalización do período cuberto polos tickets de estacionamento e invalida a denuncia por infracción que puidese formular exclusivamente por superar este horario. Estas tarxetas ou tickets pospagables poderanse adquirir nas mesmas máquinas expendedoras de tickets instaladas na vía pública e nos lugares que para o efecto se habiliten.

4.- A Alcaldía aprobará o modelo oficial dos distintivos, tickets de estacionamento e tarxetas.

Artigo 8º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que ás mesmas correspondan aplicase o disposto na vixente Lei xeral tributaria, sen prexuízo da aplicación do disposto na Ordenanza reguladora do servizo de estacionamento regulado na vía pública do municipio de Oleiros.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor a partir da publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencia

Faise constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 31 de marzo do 2012 publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº 110 do día 12 de xuño do 2012.